

Plan Operativo Anual

2025

Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



INTRODUCCIÓN

O **Plan Operativo 2025** da Universidade da Coruña (UDC) establece a conexión entre as accións contempladas no Plan Estratéxico 2022-2026 e Orzamento para 2025, que á súa vez desenvolve a Programación Plurianual e Orzamentaria da UDC aprobada polo Claustro o 3 de decembro de 2024. Nesa programación plurianual séntanse as bases que permiten presentar en 2025 un orzamento equilibrado, co cal se avanza na senda de axuste na procura do reequilibrio estrutural, necesario para garantir a sustentabilidade financeira.

O documento está estruturado nos cinco eixos principais do Plan Estratéxico, con un apartado final sobre comunicación.

- Docencia e Aprendizaxe
- Investigación, Innovación e Transferencia
- Financiamento e Uso Eficiente dos Recursos
- Internacionalización
- Responsabilidade Social e Sustentabilidade
- Marketing e Comunicación

DOCENCIA E APRENDIZAXE

A docencia e a aprendizaxe constitúen piares fundamentais no Plan Operativo Anual da UDC, orientados a reforzar a captación, retención e formación integral do estudiantado. Para iso, a universidade implementa políticas que fomentan a conexión co ensino medio, o fortalecemento do sentimento de pertenza á institución e a aposta por metodoloxías innovadoras e unha oferta formativa que responde aos retos sociais e ás demandas do mercado laboral.

Este apartado estrutúrase arredor de catro grandes obxectivos estratéxicos que guían as accións da universidade:

1. Captación e retención do talento
2. Fortalecemento da calidade no ensino e aprendizaxe
3. Construción dunha oferta formativa innovadora
4. Orientación á inserción laboral e ao emprendemento

1.1 DOC_OE1: IMPULSAR A CAPTACIÓN E A RETENCIÓN DE TALENTO

Para este obxectivo se desenvolven accións que tratan de deseñar e implantar políticas de captación, retención e fidelización do estudiantado mediante a creación de vínculos co ensino medio e superior, a promoción de espazos de interacción e participación universitaria, e o fortalecemento do sentimento de pertenza á UDC. Estas políticas inclúen incentivos á excelencia académica, apoio económico para evitar o abandono dos estudos, e accións específicas para combater o abandono nalgúns titulacións, reforzando a conexión entre o estudiantado e as empresas a través de iniciativas como a Feira de Empresas e Emprendemento.

Este obxectivo estratéxico ten correspondencia nas partidas: 481.02, 226.02, 226.06, 480.00, 481.01, 441.00, 480.02, 442.00, 480.00

Doc- OP1: Deseñar e implantar políticas de captación e retención do estudiantado

- Colaboración co ensino medio e superior non universitario a través de foros, encontros, xornadas de portas abertas, charlas científicas, visitas a centros de secundaria e premios.
 - Xornadas de Portas Abertas no Campus Industrial de Ferrol (abril).
 - First Lego League (FLL): Final autonómica no Campus Industrial de Ferrol (febreiro 2025), con 800 estudantes de 6-16 anos.
 - First Lego League (FLL) nacional. Traerá ao campus de Ferrol a 1600 estudantes de entre 6-16 anos en marzo 2025 para a final do torneo de robótica.
 - No proxecto Green Power de Deseño dun coche eléctrico para distintas



competicións nacionais participa o alumnado universitario xunto con alumnado de secundaria, bacharelato e ciclos formativos.

- Fomento de espazos de interacción e conexión nos campus que favorezan a relación e a aprendizaxe. Realízase co fin de promover a participación estudiantil e a vida universitaria a través de órganos de representación e asociacións. Ademais, fomentar o sentimento de pertenza á UDC mediante o uso de merchandising e actividades vinculadas á vida universitaria.
 - Desenvolvemento de programas como PMEC, Foro Avanza, cursos de empregabilidade, colaboración co CUFIE e redes como GUESSS e Eusumo. Estas actividades fortalecen competencias necesarias para a inserción laboral e o emprendemento, en colaboración con Alumni UDC.
- Incentivos á boa traxectoria académica mediante premios e recoñecementos.
- Apoio económico para evitar abandono por causas económicas, incentivos académicos e motivación a futuros estudantes a matricularse na UDC

Doc- OP2: Diseñar e implantar políticas de fidelización do estudiantado

- Estratexia para combater o abandono dos estudos nalgúñas titulacións.
 - Feira de Empresas e Emprendemento: Celebrada en setembro no Campus Industrial de Ferrol, conecta ao alumnado coas empresas para destacar a aplicación práctica dos estudos.

1.2 DOC_OE2: IMPULSAR E FORTALECER A CALIDADE NOS PROCESOS DE ENSINO E APRENDIZAXE

O obxectivo é fomentar a innovación docente mediante a formación do profesorado en metodoloxías centradas no estudiantado e a promoción de procesos que aseguren unha educación de calidade en todos os niveis formativos

Este obxectivo estratéxico ten correspondencia nas partidas: 480.00, 481.01, 227.06, 226.06, 441.00, 444.00,

Doc- OP3: Potencia a innovación no ámbito docente

- Impulso da formación do profesorado en metodoloxías innovadoras centradas no estudiantado.
- Convocatoria para formación en novas titulacións de máster.

Doc- OP4: Potenciar e promover os procesos de calidade

- Mellora das enquisas de docencia para o proceso de avance continuo e adaptación destas a novos formatos de docencia. Colaboración de Vicerreitoría de Titulos e internacionalización co programa ABRIGA (091321A226.00 por un importe de 5.000,00 €) para incentivar a participación do alumnado nas enquisas de avaliación docente



1.3: DOC_OE3 CONSTRUIR UNHA OFERTA FORMATIVA INNOVADORA QUE RESPONDA ÁS DEMANDAS E AOS RETOS SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

Con este obxectivo tratase de construír unha oferta formativa innovadora e flexible que se anticipe ás demandas e retos sociais do entorno, fomentando a creación de programas académicos adaptados ás necesidades emerxentes do mercado laboral e da sociedade, ao tempo que se promove unha formación integral e continua para o estudantado.

Este obxectivo estratéxico ten correspondencia nas partidas: 470.01, 481.02, 226.02, 481.01, 227.06, 226.06, 441.00,

Doc- OP5: Potenciar e implementar un modelo integral de formación continua

- Promoción de graos multidisciplinares que permitan unha formación sólida e adaptable a perfís emerxentes.
 - Participación na Feira de Empresas e Emprendemento
 - Seminarios abertos a cidadanía que se imparten por profesionais da industria
- Identificación e desenvolvemento de novas competencias transversais e brandas (dixitais, lingüísticas, medioambientais, de responsabilidade social e emprendemento) e a súa integración nos itinerarios formativos.
 - o Accións formativas, visibilización, etc.
 - o Convocatoria de accións de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social (incluídos proxectos ApS).
- Reforzo aprendizaxe-servizo (ApS) na UDC.

1.4 DOC_OE4: POTENCIAR UNHA FORMACIÓN ORIENTADA Á INSERCIÓN LABORAL E PROMOVER O EMPRENDIMENTO PARA OS EGRESADOS/AS

Tratase de potenciar unha formación orientada á inserción laboral e promover o emprendemento para os egresados/as, reforzando os vínculos entre a UDC e o tecido empresarial, fomentando a transferencia de coñecemento e a preparación práctica do estudantado a través de iniciativas colaborativas e programas innovadores.

Este obxectivo estratéxico ten correspondencia nas partidas: 470.01, 226.02, 227.06, 6400008, 480.01, 480.00.

Doc- OP6: Reforzar os vínculos entre a UDC e o contorno empresarial

- Impulso á colaboración con entes públicos e privados para a realización de estudos que permitan coñecer ou detectar que demanda o contorno profesional. Observatorio de Necesidades de Empregabilidade do Campus industrial.



- Fomento de cátedras, convenios e programas de colaboración coas empresas da contorna, promovendo unha conexión efectiva entre a UDC e o tecido empresarial.
- Creación e fortalecemento do Observatorio de Necesidades de Empregabilidade no Campus Industrial, para identificar demandas profesionais e axustar a formación ás necesidades do mercado laboral.
- Organización de seminarios impartidos por profesionais externos da industria nas titulacións do Campus Industrial, para ofrecer ao estudantado unha visión práctica e aplicada.
- Financiamento de visitas profesionais para estudantes a entidades relevantes (empresas, sector público, centros de emprendemento), a través de convenios establecidos.
- Reforzo dos programas de mellora de empregabilidade (PMEC), co obxectivo de preparar aos estudantes para os retos do mercado laboral.
- Impulso de incentivos á Rede Alumni como nexo entre a universidade e o contorno profesional, fortalecendo as oportunidades de networking e colaboración.
- Desenvolvemento de actividades que consoliden á UDC como universidade emprendedora, destacando a súa aposta por iniciativas innovadoras e de impacto no ámbito do emprendemento.
- A partida destinada a relacións institucionais e atención protocolarias (226.05)

Doc- OP7: Incorporar a cultura do emprendemento e a carreira profesional en todas as fases do proceso formativo xunto co apoio a inserción laboral

- Visibilización da Unidade de Emprego como dinamizadora de actividades de inserción laboral.
- Desenvolvemento de estudos sobre inserción laboral e emprendemento para identificar oportunidades e retos no mercado laboral.
- Incorporación da formación sobre empregabilidade e emprendemento no currículo estudantil para fomentar competencias clave entre o alumnado.
- Formación e información sobre emprendemento no Programa Explorer, promovendo a innovación e o espírito emprendedor.
- Formación específica para PDI e PAS en competencias transversais e brandas, que favorezan o desenvolvemento do emprendemento.
- Organización da Xornada de Formación en Emprendemento no Campus Industrial de Ferrol, como exemplo de boas prácticas.



- Potenciación das feiras de emprego como actividades clave para o estudantado, facilitando o contacto co mercado laboral.
- Celebración da Feira de Empresas e Emprendemento no Campus de Ferrol, como evento de referencia para fomentar sinerxías entre universidade e empresas.
- Promoción dos doutoramentos industriais para reforzar a conexión entre investigación, formación avanzada e o tecido empresarial.
- Convocatoria do Campus Industrial de Ferrol, incluíndo a contratación de dúas persoas nas empresas Anta Norte e Coremarine Solutions.

Partidas Orzamentarias Globais

Concepto	Partida	Importe
Vee. LICENZAS-SOFTWARE	030A121A209.01	2.135,00 €
Vee XESTIÓN EXPEDIENTES	030A422D220.00	3.500,00€
Consello de estudantes	030A422D220.00	5.000,00 €
VEE divulgación información e publicidade	030A422D226.02	83.160,00 €
Actividades empregabilidade y participación	030A422D227.12	62.000,00 €
Indemnizacións por razón de servizo actividades estudantes e empregabilidade achegas xunta a centros	030A422D230.00	35.000,00 €
CIUG	030A422D441.00	132.500,00 €
Equipamento Residencia Universita	030A322A220.00	2.500,00 €
Equipamiento informático para o alumnado	030A422D626.00	12.500,00€
Observatorio ocupacional gastos de funcionamento	030A422D226.00	15.000,00€
Bolsas propias estudantes	030A422D480.00	520.700,00
Bolsas afectadas desagregadas (fondos externos)	030A422D480.00	456.000,00€
Convenio Santander Bolsas de Axuda económica	030A422D480.00	250.000,00€
Convenio Santander premios excelencia 360ª	030A422D480.00	12.000,00€



Convenio Santander complementos de prácticas	030A422D480.00	101.000,00€
Convenio Santander premio proxectos emprendedores	030A422D480.00	9.000,00 €
Convenio SECOT UDC	030A422D480.00	3.000,00€
Bolsas ONCE-CRUE	030A422D480.00	6.000,00 €
Bolsas Campus rural	030A422D480.00	75.000,00€
Bolsas afectadas fondos externos	030A422D480.00	456.000,00€
CÁTEDRA COSME ÁLVAREZ DE LOS RÍOS NAVANTIA-UDC	090121A640.00	38.250,00 €
CÁTEDRA DIOCESE MONDOÑEDO-FERROL	090A121A640.00	18.600,00 €
CÁTEDRA DE ARQUEOLOXÍA	090A541A640.00	22.320.00€
CATEDRA INDITEX para programas nanomaster persoas con discapacidades cognitivas	090A422D6400	13.950,00€
CÁTEDRA JORGE JUAN. reunións, conferencias e cursos	090A121A226.06	5.600,00€



INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

A investigación e a transferencia constitúen piares fundamentais para a captación de recursos e o posicionamento estratéxico da Universidade da Coruña (UDC) no Sistema Universitario de Galicia (SUG), así como no contexto estatal e internacional. Estes ámbitos son claves tanto para o crecemento da institución como para asegurar unha financiación sostible e competitiva.

Os indicadores asociados á investigación e transferencia teñen un peso significativo nos rankings universitarios internacionais e no reparto de recursos no marco do Plan de Financiación das Universidades Galegas. Neste sentido, o desenvolvemento e mellora continua nestes indicadores non só resultan fundamentais para a proxección da UDC, senón tamén para incrementar a súa capacidade de financiamento.

En coherencia coas directrices marcadas pola Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027 (EECTI 2021-2027) e coa planificación do SUG desde a Secretaría Xeral de Universidades (SXU), a UDC vén reforzando a súa competitividade. Accións recentes, como a acreditación do CICA e do CITEEC, que se suman ao recoñecido CITIC, así como a incorporación ao centro ECOBAS, reflicten o compromiso da institución neste ámbito. Ademais, a mellora continua nos estándares de calidade dos grupos de investigación resulta imprescindible para cumprir cos requisitos esixidos pola Xunta de Galicia.

Neste contexto, a UDC definiu unha serie de obxectivos estratéxicos que orientan as súas accións prioritarias en investigación e transferencia:

1. Mellorar a xestión económico-administrativa da investigación e reforzar as estruturas dos centros de investigación.
2. Incrementar a captación de recursos económicos.
3. Potenciar unha produción científica de alta calidade.
4. Internacionalizar a investigación e a transferencia.
5. Fomentar a colaboración co tecido empresarial e impulsar a transferencia de coñecemento.



2.1 INV-OE1: MELLORAR A XESTIÓN ECONÓMICO- ADMINISTRATIVA DA INVESTIGACIÓN E REFORZAR AS ESTRUTURAS DE CENTROS DE INVESTIGACIÓN DA UDC

As accións descritas a continuación e os recursos asignados oríentanse a mellorar significativamente as capacidades de xestión e investigación, en concordancia cos obxectivos operativos do plan estratéxico, garantindo así un impacto positivo e sostido na excelencia investigadora da UDC.

INV_OP1: Mellorar as unidades especializadas de apoio e xestión económico-administrativa da investigación.

- Melloras na Coordinación e Dixitalización de Procesos: Requírese unha mellora na coordinación entre as distintas unidades, así como na dixitalización e establecemento de procedementos comúns para a creación, xestión e xustificación de proxectos competitivos, convenios e contratos de I+D. Neste sentido, están a desenvolverse novas aplicacións informáticas para a xestión de transferencia, doutoramento e proxectos.
- Integración de Plataformas e Portal de Investigación: Para mitigar os problemas derivados da aplicación MUS, está a traballarse na integración das diferentes plataformas de xestión de información e proxectos (UXXI, SUXI, Epsilon, entre outras). Isto permitirá centralizar e visibilizar todos os datos de forma automática no novo Portal de Investigación, mellorando a eficiencia dos procesos administrativos e fortalecendo o soporte técnico ao persoal investigador.
- Asignación de Partidas Orzamentarias: Fondo financiamento a grupos de investigación (560.000 €) e axudas de investigación para congresos, estadías e xuntanzas (50.000 € - 90.000 €).
- Mantemento e mellora de SAI: Investimento en reparacións, material funxible, eventos científicos e mobiliario, cun total de 415.500 €.
- Achegas Xunta a grupos e centros: Apoios financeiros diversos para reforzar a estrutura administrativa e operativa.

INV_OP2: Reforzar os recursos persoais e as súas competencias e os recursos das estruturas da investigación da UDC.

- Coordinación e Apoio aos Centros de Investigación: Os tres centros recoñecidos pola Xunta (CITIC, CICA e CITEEC) reforzaron a súa xestión grazas á achega económica da Xunta e ao Programa Marco asociado, que xera fondos propios para os centros CIGUS. Pola súa parte, o CITENI recibe apoio do Campus Industrial de Ferrol. A coordinación entre estas áreas materialízase na RedCIDI, promovendo un uso eficiente dos recursos dispoñibles e un avance conxunto en investigación e innovación.



- Contratos programa a centros: Partidas asignadas para reforzar a estrutura e o funcionamento dos centros, cun total de 593.155,65 €.
- Asignación de recursos humanos e formación: Reforzo dos recursos persoais e mellora das competencias do persoal investigador e administrativo.

Partidas Orzamentarias Globais

Concepto	Partida	Importe
Fondo financiamento a grupos de investigación	050A 541A 64910	560.000 €
Axudas de investigación (congresos, estadias, xuntanzas)	050A 541A 64900 – 050A 541A 48101	50.000 € – 90.000 €
Achegas Xunta a grupos	Diferente para cada grupo	2.096.818,32 €
Achegas Xunta a centros	Diversas partidas para CITIC, CICA e CITEEC	Total: 1.235.098,90 €
Contratos programa (fondos propios) a centros	Diversas partidas para CITIC e CICA	Total: 593.155,65 €
Mantemento e mellora de SAI	Varias partidas	Total: 415.500 €

Estas partidas reflicten o compromiso da UDC coa mellora da investigación, tanto no fortalecemento de unidades de apoio como no desenvolvemento de recursos humanos e tecnolóxicos, contribuíndo aos obxectivos **INV_OP1** e **INV_OP2**.

2.2 INV_OE2: IMPULSAR UNHA INVESTIGACIÓN DE CALIDADE QUE POTENCIE A INTERNACIONALIZACIÓN, A MULTIDISCIPLINARIEDADE E O LIDERADO DAS UNIDADES, AGRUPACIÓNS, INSTITUTOS E CENTROS

O obxectivo final é mellorar os indicadores de investigación (proxectos, artigos en colaboración, etc.) que permitan posicionar á UDC como un actor ao máximo nivel no SUG. Este posicionamento ten unha repercusión económica importante, polo que os investimentos en fomento da investigación débense considerar non como gastos, senón como a semente dos retornos por parte do SUG, que basea a súa aportación nun cómputo de indicadores. A UDC busca reforzar o seu financiamento e presenza en plataformas de divulgación científica, clave para a súa internacionalización. A divulgación amplía a accesibilidade aos resultados da investigación, aumenta a súa visibilidade global, fomenta colaboracións internacionais e posiciona á universidade como un axente de cambio social comprometido cos desafíos globais.



INV_OP3: Desenvolver e potenciar programas de captación e retención de talentos

- O potencial de internacionalización da investigación vaise incrementar debido á materialización do proxecto de Universidade Europea Emerge e ao incremento de efectivos na oficina de proxectos internacionais e de captación de talento. Estas melloras acadaron dúas axudas competitivas que permiten o seu crecemento, supoñendo unha mellora na xestión.
- Programa INTALENT de captación de talento no exterior no Convenio Intalent UDC-Inditex.
- Impulso á retención do talento mediante programas de bolsas-ponte entre convocatorias competitivas.
 - Contratos predoutorais (Campus Industrial de Ferrol).
 - Contratos posdoutorais (Campus Industrial de Ferrol).

Concepto	Partida	Importe
Convenio Intalent UDC/Inditex	050A541A648.00	300.000,00 €
Convenio Campus Industrial de Ferrol	0902541A640.00	1.244.500,00 €

INV_OP4: Apoiar e promover a visibilidade, a divulgación científica e o impacto da investigación da UDC

- Reforzar a internacionalización e multidisciplinariedade: Fortalecer unidades, agrupacións, institutos e centros de investigación. Isto estimula a produción científica e promove unha cultura colaborativa internacional.
- Mellora dos procesos de selección, promoción e consolidación do persoal investigador para incrementar a visibilidade e o intercambio con outras institucións de investigación.
- Reforzo de financiamento e posicionamento da UDC en plataformas de divulgación da investigación na rede.
- A Unidade de Divulgación Científica ten un orzamento asignado de 21.000 €.

INV_OP5: Incrementar a internacionalización da investigación da UDC

- Programa INDITEX-UDC de estadías predoutorais no estranxeiro (0599 422D 48001). Axudas para estadías internacionais EIDUDC-UDC-Inditex por un importe de 130.000 €.
- Mantemento das axudas posdoutorais existentes para a mobilidade.

- Desenvolvemento de políticas de internacionalización:
- Incremento de efectivos na oficina de proxectos internacionais, con foco na captación de talento.
- Apoio a solicitudes de proxectos internacionais.
- Fomento de colaboracións e intercambio internacional:
- Convocatoria de mobilidade internacional no Campus Industrial de Ferrol.
- Fomento de encontros entre persoal investigador e grupos estranxeiros.
- International Summer School e Staff Week no Campus Industrial de Ferrol

INV_OP6: Potenciar as plataformas e os recursos de apoio á investigación e contribuír á mellora destas

- Subscricións a publicacións periódicas e recursos electrónicos: partidas orzamentarias

Concepto	Partida	Importe
CISUG funcionamento	050A 121A 44100	150.000,00 €
CISUG recursos electrónicos	050A 122B 44100	800.000,00 €
Biblioteca, mantementos informáticos	0502 122B 62500	746.500,00 €

2.3 INV_OE3: CAPTAR RECURSOS ECONÓMICOS PROCEDENTES DE FONDOS NEXT GENERATION EU E APOIAR A COORDINACIÓN DA XESTIÓN DOS FONDOS

Os fondos Next Generation EU están a supoñer unha oportunidade de financiamento para proxectos de investigación. Por iso, a UDC tratará de optimizar a captación e a xestión eficiente de recursos económicos procedentes dos fondos Next Generation EU, reforzando as estruturas administrativas, técnicas e de apoio ao persoal investigador. Este enfoque busca garantir unha tramitación eficaz, unha xustificación rigorosa e o cumprimento das esixencias normativas, ao tempo que se fomenta a investigación, a modernización de infraestruturas e a colaboración con sectores estratéxicos mediante eventos, programas e proxectos innovadores.

INV_OP7: Impulsar a captación de fondos Next Generation EU

- A captación de fondos europeos medrou dun xeito notable nos pasados anos. O reforzo da OPI e da OCPI permite unha xestión axeitada destes recursos necesarios para a institución. Unha parte dos custos indirectos (25%) destínase á xestión dos proxectos.



- Eventos UDC-empresa por sectores (eólica mariña, intelixencia artificial, enxeñería naval, etc.).

Partidas orzamentarias:

Concepto	Partida	Importe
Axuda do ministerio para infraestruturas de investigación, para a modernización de equipos obsoletos	0599541A 64902	1.816.112,50 €
Axudas competitivas de reforzo da OPI: Axudas preparación e xestión proxectos europeos	0599541A 64902	139.964,30 €
Convenio de tecnólogos financiado pola SXU, para mellora da xestión: Convenio Xunta servizos xerais	0599541A 64000	1.452.016,00 €
Convenios de I+D+i para o fomento da investigación, que inclúe melloras á xestión: Convenio fomento	0599541A 64000	2.000.000,00 €
Convenio Campus industrial de Ferrol	0902422D61000	595.500,00 €

INV_OP8: Apoiar a xustificación dos fondos Next Generation EU

- Continuar coa coordinación do SERIN, o EXI e a OPI na xestión administrativa e financeira dos proxectos vinculados aos fondos NGEU.
- Incrementar os recursos de apoio ao persoal investigador para facilitar a xustificación e asegurar o cumprimento das esixencias.

2.4 INV_OE4: DEFINIR E IMPLANTAR UN ECOSISTEMA DINAMIZADOR DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA, E INCREMENTAR A COLABORACIÓN COAS EMPRESAS DA CONTORNA

Incrementar e fortalecer a transferencia de resultados e a relación co tecido produtivo mediante a mellora dos recursos de apoio, a creación de lazos estables coas empresas e entidades sociais, e a intensificación das actividades de colaboración, promovendo a innovación e a competitividade económica da UDC.

**INV_OP9: Aumentar e mellorar os recursos de apoio á transferencia de resultados**

- Incrementar a promoción e regularización dos contratos e convenios asociados ás actividades de transferencia.
- Fortalecer a coordinación da OTRI coa FUAC, FEUGA e outros axentes relevantes para mellorar a relación co tecido produtivo.
- Fomentar a capacitación do persoal para aumentar as competencias na transferencia de resultados.

Liñas de financiamento asociadas:

Concepto	Partida	Importe
Aportación á OTRI/OTC: OC IRS	0505 541A 22301	3.000,00 €
Aportación á OTRI/OTC: OTC gastos de funcionamento	0505 541A 22600	20.000,00 €
Aportación aos Centros de Investigación: CITENI Mantemento	05C2 541A 21301	7.000,00 €
Aportación aos Centros de Investigación: CITENI Outros gastos	05C2 541A 22600	2.500,00 €
Aportación aos Centros de Investigación: CITENI Mobiliario e avíos	05C2 541A 62500	500,00 €
Contrato programa CITIC	05C3 541A 64902	200.935,58 €
Contrato programa CITIC (achega estrutural)	05C3 541A 64902	57.880,00 €
Contrato programa CICA	05C4 541A 64902	236.537,23 €
Contrato programa CICA (achega estrutural)	05C4 541A 64902	52.500,00 €
Centro Mixto UMI-Navantia	05C2 541A 64902	1.566.691,00 €
Convenio Moda Concello de Ferrol	090A422D64000	6.000,00 €

INV_OP10: Intensificar a relación con institucións, empresas e entidades sociais

- Creación de cátedras de empresa e institucionais: Actualmente 30 cátedras activas.
- Desenvolvemento de mecanismos estables para identificar e difundir as necesidades das empresas.



- Potenciación da acreditación de ensaios realizados polos Servizos de Apoio á Investigación.
- Establecemento de colaboracións estables co tecido produtivo para fomentar a transferencia e mellorar a competitividade económica.
- Participación en feiras empresariais relacionadas con sectores de interese para a UDC, como Navalia, Feindef, Aindef ou Barcelona Fashion Summit.
- Organización de eventos UDC-empresa para conectar a universidade cos distintos sectores produtivos.
 - Exemplo destacado: Xornada de Moda, que contou coa presenza de máis de 50 empresas do sector.

2.5 INV_OE5: MELLORAR OS PROCESOS DE SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR NA INSTITUCIÓN, FAVORECENDO O DESENVOLVEMENTO DA SÚA CARREIRA INVESTIGADORA

Con este obxectivo a UDC busca consolidar un modelo de persoal axeitado ás necesidades da institución, garantindo procesos laborais xustos e estándares europeos. Ademais, co fortalecemento de programas de captación de talento e a profesionalización das estruturas, contribúese ao posicionamento da universidade como líder en investigación e competitividade internacional.

INV_OP11: Avaliar e impulsar unha estrutura de persoal docente e investigador (Pdi) adecuado ao modelo de persoal actual

- Coordinar as solicitudes de figuras de captación de talento co mapa de necesidades investigadoras e docentes da UDC.
 - Isto asegura que o persoal contratado se axuste ás áreas estratéxicas prioritarias para a institución.
- Recoñecemento de dereitos laborais e retribucións xustas para investigadores contratados.
 - Regularización retributiva (Margarita Salas, María Zambrano): 688.281,62€.
 - Actualización salarial por IPC de persoal de capítulo 6:: 263.526 €.
- Redefinición de categorías profesionais para tarefas de investigación.
 - Impulsa a profesionalización e evita a precariedade laboral dentro do sistema de investigación.



INV_OP12: Mellorar a captación de investigadores predoutorais e posdoutorais aliñando os procedementos coas directrices do logo europeo HRS4R

- Implantación do selo europeo HRS4R.
 - Garante procesos de contratación xustos y aliñados con estándares europeos.
- Aportacións/cofinanciamento a programas de captación de talento:
 - Programas RyC, JdC, Beatriz Galindo, predoc, postdoc: 948.119,71 €.
 - Este tipo de apoio financeiro fomenta la atracción de talento a nivel nacional e internacional.
- Impulso de programas de captación singulares (ERC, ATRAЕ, COFUND):
 - Starting Grant Jaime Martín: 65.000 €.
 - Starting Grant Daniel Nieto: 65.000 €.
 - Convenio ERC Jessica Rodríguez: 34.260 €.
 - Convenio Cofund: 195.000 €.
 - Estes programas aumentan la competitividade y el impacto internacional de la UDC en la investigación.
- Gastos de funcionamento de la Oficina de Captación de Persoal Investigador (OCPI):
 - OCPI IRS: 1.500 €.
 - OCPI gastos de funcionamento: 20.000 €.
 - Fortalecer la infraestrutura de xestión apoia a captación e seguimento de talento.

Financiamento e uso eficiente dos recursos

3.1 ECO_OE1: MELLORAR O RENDEMENTO ECONÓMICO-FINANCIERO E CONTROL DO GASTO

Orzamento 2025 contribúe dun xeito crucial á mellora do rendemento económico financeiro da UDC polo mero feito de formularse un presuposto, de 172.170.369,71 €, realista e equilibrado, para o cal foi necesario recorrer a instrumentos extraordinarios. O instrumento máis importante consiste na venda de activos, como consta nas seguintes partidas:

Concepto de ingreso	Partida	Importe
VENDA DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCION	1612.00	5.000.000,00€
ALLEAMENTO DE ACCIÓNS E PARTICIPACIÓNS DE EMPRESAS	1861.00	180.000,00€

Estas actuacións puntuais deben ser complementarias do necesario reequilibrio estrutural, entre ingresos e gastos ordinarios, no longo prazo. As bases desa senda, iniciadas xa cos axustes presentados ao Claustro no mes de abril, establécense na Programación Plurianual e Orzamentaria aprobada por este órgano o 3 de decembro de 2024.

3.2 ECO_OE2: CAPTAR RECURSOS DE FORMA PROACTIVA E EXPLORAR NOVAS FONTES DE FINANCIAMENTO PÚBLICAS E/OU PRIVADAS

Outra medida que contribúe ao equilibrio do orzamento 2025 é a orientación dos recursos captados de convenios extraordinarios formalmente finalistas cara a necesidades atendidas co orzamento ordinario, de xeito que se xere indirectamente un superávit parcial por diferenza entre os importes das partidas de ingreso e de gasto:

Convenio	Ingreso	Gasto
CONVENIO DE INFRAESTRUTURAS UNIVERSITARIAS 2025	2.810.000	2.000.000
CONVENIOS FOMENTO I+D+i	2.000.000	1.300.000



3.3 ECO_OE3: MELLORAR O AFORRO ECONÓMICO OU ENERXÉTICO, AVANZAR EN PROGRAMAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E RENOVAR AS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN, MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DE ACORDO CON CRITERIOS DE VIDA ÚTIL

ECO_OP3 :Mellorar, concienciar e modernizar as infraestruturas orientándoas cara a mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade ambiental

Reparacións e mantementos diarios

- Reparacións e mantementos aplicando criterios de sustentabilidade e mellora enerxética.
- Reparacións e mantementos en edificios destinados exclusivamente á investigación.
- Conservación, reparación e mellora de edificios no marco do Plan de Infraestruturas Universitarias.
- Mantemento de infraestruturas viarias nos campus mediante convenio co Concello da Coruña.

Adquisicións e renovacións

- Adquisición de equipamentos para mellorar as condicións de habitabilidade e a humanización dos espazos.
- Adquisición de equipamentos destinados a edificios dedicados á investigación.
- Investimentos en renovación de inmobles con intervencións en envolventes e reposición de instalacións para aforro enerxético.
- Renovación de inmobles en edificios de uso exclusivo para a investigación.

Xestión e planificación para a sustentabilidade

- Realización de estudos e traballos técnicos necesarios para proxectar actuacións con criterios de sustentabilidade, incluíndo tributos e reutilización de bens móbiles.
- Financiamento dos gastos de funcionamento da Oficina de Sustentabilidade, encargada de controlar consumos e implementar medidas de aforro.
- Investimentos para a Oficina de Sustentabilidade destinados ao control e redución de consumos.
- Dotación orzamentaria para equipamento tecnolóxico nos centros docentes mediante financiamento externo. Convocatoria de pequeno equipamento científico no Campus Industrial de Ferrol



Partidas orzamentarias:

Concepto	Partida	Importe
Reparacións e mantementos con criterios de sustentabilidade e mellora enerxética	0201 212A 212.00	200.948,99 €
Reparacións e mantementos en edificios de investigación	0201 541A 212.00	20.300,00 €
Estudos e traballos técnicos, tributos e reutilización de bens mobles	0201 121A 227.00	49.000,00 €
Adquisición de equipamentos para mellora da habitabilidade e humanización	0201 121A 625.00	140.050,07 €
Adquisición de equipamentos para edificios de investigación	0201 541A 625.00	20.000,00 €
Renovación de inmoables con criterios de mellora enerxética e aforro	0201 121A 632.00	726.439,37 €
Renovación de inmoables en edificios de investigación	0201 541A 632.00	300.000,00 €
Conservación, reparación e mellora de edificios no marco do Plan de Infraestruturas Universitarias	0201 541A 632.00	2.000.000 €
Mantemento das infraestruturas viarias en convenio co Concello da Coruña	0201 541A 640.00	25.000 €
Gastos de funcionamento da Oficina de Sustentabilidade	0201 541A 226.00	25.200 €
Investimentos novos para o control de consumos na Oficina de Sustentabilidade	0201 541A 625.00	21.000,00 €



3.4 ECO_OE4 : CAPTAR RECURSOS ECONÓMICOS PROCEDENTES DE FONDOS NEXT GENERATION E APOIAR A XESTIÓN ECONÓMICA E A XUSTIFICACIÓN DOS FONDOS

ECO_OP4 Facilitar a captación de ingresos procedentes de plans europeos dotando de recursos materiais, organizativos e persoais e ECO_OP5 Apoiar a xustificación dos fondos Next Generation EU

Como se mencionou no Inv_OP 7, a captación de fondos europeos experimentou un crecemento notable nos últimos anos. A potenciación da OPI e da OCPI permite unha xestión axeitada destes recursos, fundamentais para a institución. Ademais, destínase o 25% dos custos indirectos á xestión dos proxectos.

3.5 ECO_OE5: AVANZAR NUNHA XESTIÓN EFICIENTE, RESPONSABLE E TRANSPARENTE DOS RECURSOS PÚBLICOS

O obxectivo xeral é modernizar e facer máis eficiente a xestión universitaria mediante o uso de ferramentas tecnolóxicas, fortalecendo a seguridade dos datos e promovendo a transparencia, a rendición de contas e a accesibilidade.

ECO_OP6: Avanzar na transformación dixital e na administración electrónica para mellorar na política de transparencia e simplificar a automatización de procesos

- Administración electrónica:
 - Licitación dunha plataforma de administración electrónica a través da partida destinada a administración electrónica, consultoría e asesoramento externo/contratación de servizos (227.12).
- Seguridade da información:
 - Licenzas e software:
 - Licenza dunha plataforma de formación e concienciación en ciberseguridade, incluíndo servizos asociados.
 - Renovación de licenzas de antivirus.
 - Implantación de ferramentas de ciberseguridade.
 - Licenza e migración á nube do servizo de escaneo de vulnerabilidades (209.01).



- Consultoría e servizos contratados:
 - Partida destinada a seguridade da información, consultoría e asesoramento externo (227.12).
- Sistemas para procesos de información:
 - Implantación de sistemas para control e seguridade da información, asignados á partida de seguridade da información e sistemas para procesos de información (626.00).



Internacionalización

A Universidade da Coruña (UDC) estableceu unha serie de obxectivos estratéxicos para fortalecer a súa proxección internacional e mellorar a xestión académica e administrativa no desenvolvemento de programas de internacionalización. Estes obxectivos articúlanse en torno a cinco eixos principais:

1. Potenciar un ambiente universitario internacional
2. Conseguir unha mobilidade internacional crecente de toda a comunidade universitaria.
3. Aumentar as competencias lingüísticas da comunidade universitaria.
4. Potenciar a proxección e a presenza internacional da UDC.
5. Optimizar a xestión académica e administrativa para desenvolver os programas de internacionalización

4.1 INT_OE1: POTENCIAR UN AMBIENTE UNIVERSITARIO INTERNACIONAL

Este obxectivo estratéxico ten correspondencia nas partidas: 481.01, 482.01, 226.02, 226.06, 480.00, 640.00

INT_OP1: Reforzar a cooperación internacional en materia de recoñecemento, mobilidade, calidade e promoción comercial da UDC

- Convocatoria de bolsas de matrícula para estudantes estranxeiros e acceso á residencia universitaria, incluíndo o Programa Mulleres por África e 8 bolsas de máster para alumnado estranxeiro no Campus Industrial de Ferrol.
- Implementación de programas de apoio a refuxiados a través da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), como o Programa Abriga, que cobre gastos de matrícula, residencia e ofrece axuda económica.
- Consolidación da International Summer School (ISS) no Campus Industrial.
- Participación en feiras internacionais para a promoción das titulacións da UDC.
- A partida destinada a relacións institucionais e atención protocolarias (226.05).

**INT_OP2: Consolidar e potenciar os programas formativos e a oferta docente internacional**

Partidas orzamentarias implicadas, total ou parcialmente:

Concepto	Partida	Importe
OCV Gastos de funcionamento	0901321A226.00	23.200,00€
OCV axudas estudantes para cooperación e desenvolvemento	0901321A480.01	22.000,00€
OCV axudas PDI para cooperación e desenvolvemento	0901321481.01	3.500,00€
OCV axudas PAS para cooperación e desenvolvemento	0901321482.01	3.500,00€

4.2 INT_OE2: CONSEGUIR UNHA MOBILIDADE INTERNACIONAL CRECENTE DE TODA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Este obxectivo estratéxico ten correspondencia nas partidas: 481.01, 482.01, 226.02, 226.06, 480.00, 480.01, 640.00

INT_OP3: Intensificar e promover a mobilidade con servizos de apoio e unha oferta atractiva de formación e prácticas

Financiamento para a participación *in situ* da comunidade universitaria en proxectos de apoio ao desenvolvemento.

- Convocatoria proxectos coñecemento da realidade para o desprazamento do alumnado para o desenvolvemento dun proxecto nun país en vías de desenvolvemento
- Convocatoria proxectos coñecemento da cooperación para o desprazamento do PDI para o desenvolvemento dun proxecto n un país en vías de desenvolvemento
- Convocatoria proxectos coñecemento da realidade para o desprazamento do PTXAS para o desenvolvemento dun proxecto nun país en vías de desenvolvemento



4.3 INT_OE3: AUMENTAR AS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Mellora das competencias lingüísticas en inglés da comunidade universitaria e incremento da capacidade de internacionalización e colaboración académica da UDC.

Este obxectivo estratéxico ten correspondencia nas partidas: 481.01, 482.01, 226.06, 480.00, 480.01, 640.00

INT_OP4: Favorecer a impartición de formación permanente en inglés e fomentar a participación de toda a comunidade universitaria.

- Durante o ano 2025, continuará a formación anual establecida no Plan de Formación do PTXAS.
- Introducción dun novo programa de formación en inglés, cuxo financiamento se buscará en fontes externas para non afectar o orzamento destinado ao plan de formación habitual.
- A contía destinada a formación viuse reducida nun 30%. Para manter todas as accións formativas, reduciranse o número de edicións, garantindo a continuidade dos programas esenciais.
- Formación e perfeccionamento do PAS , partida 100A422D162.001010 por importe de 82.840,00 €

4.4 INT_OE4: POTENCIAR A PROYECCIÓN E A PRESENZA INTERNACIONAL DA UDC

Este obxectivo estratéxico ten correspondencia nas partidas: 481.01, 482.01, 226.02, 226.06, 480.00, 480.01, 640.00

INT_OP5 Promover a participación en redes, proxectos e programas internacionais educativos, de innovación e de investigación

- Asignación de recursos para relacións institucionais y atención protocolaria.
- Apoio ao desenvolvemento de proxectos con persoal técnico. C incluíndo a contratación de técnicos de internacionalización e investigación do Campus Industrial.
- A partida destinada a relacións institucionais e atención protocolarias (226.05).

INT_OP6: Promover a imaxe de marca da UDC e as accións de comunicación cara ao exterior.

- Dinamización de las redes sociais para aumentar la visibilidade internacional.
- Acciones divulgativas sobre oportunidades de internacionalización, como reuniones, Staff Weeks y boletines informativos Dinamización das redes sociais



4.5 INT_OE5: OPTIMIZAR A XESTIÓN ACADÉMICA E ADMINISTRATIVA PARA DESENVOLVER OS PROGRAMAS DE INTERNACIONALIZACIÓN

INT_OP7: Subministrar a formación e as competencias para traballar nun contorno internacional aberto

- Planificación de cursos de internacionalización para formación do PAS e o PDI.
 - Financiación de cursos de inglés para o PAS do Campus Industrial

Este obxectivo ten correspondencia nas partidas: 480.00, 227.06, 441.00, 444.00, 640.00.



RESPONSABILIDADE SOCIAL E SUSTENTABILIDADE

5.1 RS_OE1: UNHA UNIVERSIDADE CON IDENTIDADE PROPIA QUE IMPULSA O CAMBIO SOCIAL, A CULTURA E A LINGUA GALEGAS ASÍ COMO A CONTRIBUCIÓN Á PAZ E Á SOLIDARIEDADE ENTRE OS POBOS PARA UNHA CIDADANÍA GLOBAL

Promover a integración cultural e social na UDC mediante a creación de espazos de interacción e comprensión intercultural, reforzando unha convivencia baseada no respecto mutuo e na diversidade. Este obxectivo busca visibilizar o patrimonio cultural galego como elemento clave da identidade institucional, fomentar o benestar emocional e a cohesión social a través de actividades culturais e formar cidadáns conscientes e comprometidos capaces de contribuír ao cambio social e á solidariedade global.

RS_OP1: Promover o compromiso da comunidade universitaria co progreso social.

- Visibilización do ámbito cultural e artístico, nas súas diversas vertentes (artes visuais, música, artes performativas, literatura, etc.), coa finalidade de integralo na vida universitaria como un complemento esencial para o desenvolvemento académico e persoal.
- Impulso de actividades culturais e artísticas en diferentes espazos dos campus da UDC, fomentando a participación da comunidade universitaria e da cidadanía desde o centro de intervención cultural.
- Desenvolvemento de proxectos inclusivos para fomentar a empatía e a comprensión da diversidade, garantindo a súa difusión e coñecemento pola sociedade.
- Programa Espazo Compartido, dirixido a persoas con discapacidade cognitiva.
- Cursos, seminarios, convocatorias e programas de voluntariado, incluíndo proxectos de sensibilización e outras propostas da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV): curso de formación básica en voluntariado, curso de posgrao de cooperación e educación para o desenvolvemento, xornadas sobre interculturalidade, exposicións e dinámicas de sensibilización nos campus.
- Formación básica en vida saudable e desenvolvemento sustentable con perspectiva inclusiva e de xénero para membros de novo ingreso: PDI, PTXAS e estudantado.

Orzamento:

- Convenio Deputación actividades culturais, 170321A226.09 por importe de 110.000,00 €.



- Convenio coas tres universidades galegas para a consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), 0901321A640.00 por importe de 40.000,00 €.
- Espazo Compartido achega Convenio B.Santander, 090A422D442.00 por importe de 73.000,00 €.

RS_OP2: Contribuír á dinamización da cultura galega e do seu patrimonio.

Este obxectivo fortalece o uso e a normalización da lingua galega, promovendo a súa relevancia cultural e académica dentro e fóra da universidade. Contribúe a unha identidade universitaria distintiva que impulsa o compromiso coa cultura e a lingua propias.

- Desenvolvemento de actividades culturais sobre a tradición galega: Promoción e realización de actividades relacionadas coas distintas vertentes da cultura tradicional galega, co obxectivo de fomentar o seu coñecemento e aprecio na comunidade universitaria. Orzamento: 50.400 €.
- Consolidación do Servizo de Publicacións: Dotación dos recursos persoais necesarios para o correcto funcionamento do Servizo de Publicacións, garantindo un soporte adecuado para a edición e difusión de obras culturais e académicas. Orzamento: 21.000 €.
- Formación e promoción da lingua galega: Implementación de iniciativas para fomentar o uso e o coñecemento da lingua galega entre o persoal universitario (PDI e PAS), promovéndoa como un vehículo esencial de cohesión cultural.
- Incremento da docencia en lingua galega: Fomento do uso do galego como lingua vehicular na docencia universitaria, incrementando a súa presenza nos plans de estudo e materiais docentes.
- Aproximación da lingua e cultura galegas ao alumnado Erasmus: Deseño e implementación de actividades específicas que acheguen a lingua e a cultura galegas aos estudantes internacionais que participan no programa Erasmus.
- Promoción do uso da lingua galega nas publicacións académicas:
 - Apoio á elaboración de manuais e materiais docentes en galego.
 - Impulso á formación do profesorado e do PAS mediante cursos de capacitación en liña.
 - Preparación e asesoramento para a elaboración de guías docentes, que deberán redactarse cando menos en galego e castelán, con opción a incluír versión en inglés.
 - Servizo de Normalización Lingüística (SNL) para a tradución, corrección e asesoramento técnico nos materiais producidos en galego.

**RS- OP3: Promover proxectos de cooperación en voluntariado con comunidades máis desfavorecidas**

Partidas orzamentarias implicadas, total o parcialmente:

Concepto	Partida	Importe
OCV Gastos de funcionamento	0901321A226.00	23.200,00 €
OCV axudas estudantes para cooperación e desenvolvemento	0901321A480.01	22.000,00 €
OCV axudas PDI para cooperación e desenvolvemento	0901321481.01	3.500,00 €
OCV axudas PAS para cooperación e desenvolvemento	0901321482.01	3.500,00 €

5.2 RS_OE2: UNHA UNIVERSIDADE RESPONSABLE DO SEU IMPACTO AMBIENTAL

Consolidar unha universidade responsable co seu impacto ambiental mediante a implementación de medidas de eficiencia enerxética, promoción de enerxías renovables e mellora do aforro de consumos, complementadas con accións de mobilidade sostible que favorezan a accesibilidade minimizando o impacto ambiental. Así mesmo, impulsar a biodiversidade e a sustentabilidade medioambiental nas instalacións da UDC, garantindo a conservación e mantemento de espazos naturais, o control de residuos e a optimización ambiental das infraestruturas universitarias.

Rs_OP4: Abordar medidas de mellora de eficiencia e aforro enerxético, de de promoción das enerxías renovables

- Reparacións e mantementos aplicando criterios de sustentabilidade e mellora enerxética.
- Renovación de inmobles con intervencións orientadas á mellora enerxética e ao aforro de consumos.
- Renovación de inmobles en edificios dedicados exclusivamente á investigación.
- Conservación, reparación e mellora de edificios no marco do Plan de Infraestruturas Universitarias.

RS_OP5: Impulsar medios de mobilidade sustentable que faciliten a accesibilidade combinando se impacto ambiental

- Investimentos novos da Oficina de Sustentabilidade en medidas de mobilidade sostible e drenaxe sustentable.
- Financiamento dos gastos de funcionamento da Oficina de Sustentabilidade, encargada de medidas relacionadas coa mobilidade e o control ambiental.

**RS_OP6: Potenciar a mellora da biodiversidade e a sustentabilidade medioambiental instalacións da UDC**

- Mantemento do Monte da Fraga en colaboración co Concello da Coruña.
- Financiamento dos gastos de funcionamento da Oficina de Sustentabilidade, enfocada en aspectos ambientais como o control de residuos e a mellora ambiental das instalacións.

Partidas orzamentarias:

Concepto	Partida	Importe (EUR)
Reparacións e mantementos con criterios de sustentabilidade e mellora enerxética	0201 212A	200.948,99 €
Estudos e traballos técnicos, tributos e reutilización de bens móbiles	0201 121A	49.000,00 €
Adquisición de equipamentos para mellora da habitabilidade e humanización	0201 121A	140.050,07 €
Adquisición de equipamentos para edificios de investigación	0201 541A	20.000,00 €
Renovación de inmobles con criterios de mellora enerxética e aforro	0201 121A	726.439,37 €
Renovación de inmobles en edificios de investigación	0201 541A	311.331,16 €
Conservación, reparación e mellora de edificios no marco do Plan de Infraestruturas Universitarias	0201 212A	2.000.000,00 €
Mantemento do Monte da Fraga en convenio co Concello da Coruña	0201 121A	25.000,00 €
Gastos de funcionamento da Oficina de Sustentabilidade	0205 121A	25.200,00 €
Investimentos novos da Oficina de Sustentabilidade en medidas de mobilidade sostible e drenaxe	0205 121A	21.000,00 €



5.3 RS_OE3: UNHA UNIVERSIDADE QUE PROMOVE HÁBITOS, RUTINAS E ESTILOS DE VIDA SAUDABLE, EN ESPECIAL A ATENCIÓN BIOPSIOSOCIAL E A XESTIÓN PROACTIVA E PREVENTIVA DA VIXILANCIA DA SAÚDE CON ESTRATEXIAS DIRIXIDAS A TODA ACOMUNIDADE UNIVERSITARIA (ESTUDANTADO, PAS, PDI, PEC)

Se trata da creación dunha cultura de vida activa e saudable na comunidade universitaria, incremento do benestar biopsicosocial e cohesión social e fomento dunha comunidade universitaria máis activa e saudable, con beneficios a longo prazo.

RS_OP7: Promover iniciativas que fagan contribuír a unha vida saudable da comunidade universitaria

- Promoción de actividades saudables:
 - A Área de Deportes realiza un importante labor na difusión de hábitos saudables entre a comunidade universitaria, promovendo programas específicos como:
 - Programa de Pausa en Movemento: Creación de hábitos saudables e contrarrestar os efectos nocivos do sedentarismo.
 - Programa de Deportistas de Alto Nivel (DAN UDC): Facilita a compatibilidade entre a preparación deportiva de alto nivel e os estudos.
 - Potenciación do mes "Outubro UDC Saudable" como evento de promoción da saúde.
 - Potenciar as colaboracións, os programas e os servizos á comunidade universitaria que permitan mellorar a súa calidade de vida
 - Organización de actividades físicas dentro e fóra do horario de traballo.
- Fortalecemento da UDC Saudable:
 - Consolidación da Oficina UDC Saudable con recursos económicos e persoais necesarios.
 - Adhesión á Declaración de Luxemburgo e conformación da Rede Galega de Universidades Promotoras de Saúde (REGAUPS).
 - Elaboración de memorias anuais sobre vida saudable na UDC.
 - Establecemento dun código de conducta e declaracións medioambientais e de vida saudable.
- Campañas de sensibilización e prevención:
 - Realización de campañas comunitarias para a desintoxicación de tabaco, alcohol e outras adiccións.
 - Implementación da estratexia REUPS sobre o consumo de alcohol e adiccións comportamentais e tecnolóxicas.



- Normativa específica para festas universitarias seguindo liñas da REUPS.
- Fomento de espazos saudables e sustentables:
 - Creación de contornos seguros, saudables e sustentables nos campus.
 - Desenvolvemento de actividades e espazos de ocio saudable e inclusivo campus (club de lectura, espazos de relaxación, xogos, etc.).
- Servizos de apoio e formación:
 - Creación dun servizo de asesoramento e atención psicolóxica con perspectiva biopsicosocial.
 - Formación en promoción da saúde, prevención de enfermidades e habilidades para a vida segundo a OMS.
 - Estratexias para avaliar riscos psicosociais, desgaste profesional e conciliación.
 - Impulso á acción comunitaria interna con oficinas, unidades e servizos ligados á responsabilidade social e sustentabilidade
 - Formación e comunicación sobre asuntos biopsicosociais, técnicas de relaxación, soño e descanso.
 - Recomendacións de xestión do tempo e rutinas como determinantes de saúde.
 - Mantemento da información, a comunicación e a concienciación con xornadas, congresos obradoiros, exposicións, infografías, mensaxes de correo electrónico, intranet ou taboleiros, sobre benestar biopsicosocial e sobre hábitos nutricionais.
- Fomento da sustentabilidade e hábitos responsables:
 - Promoción de estilos de vida saudables e sustentables en mobilidade, nutrición e consumo(OMS).
 - Integración de competencias transversais en itinerarios formativos (dixitais, lingüísticas, medioambientais, etc.).

Orzamento:

- UDC Saudable , por importe de 268.108,8 €.
- Programa Afrontemos, 09031212270903121227.12, por importe de 40.000,00€



5.4 RS_OE4: UNHA UNIVERSIDADE FEMINISTA LIBRE DE VIOLENCIAS DE XÉNERO

Este obxectivo promove un espazo académico libre de desigualdades de xénero, reforzando a igualdade e prevenindo a violencia mediante formación, políticas inclusivas e accións de sensibilización na comunidade universitaria.

RS_OP9: Reforzar, promover, difundir e concienciar nunha cultura de igualdade entre homes e mulleres

Comunicación e visibilidade

- Promoción da linguaxe e imaxes inclusivas e non sexistas en todas as publicacións e materiais universitarios, con especial atención ás guías docentes.
- Fomento da paridade entre mulleres e homes nas propostas de nomeamentos *honoris causa*, premios deportivos e outros recoñecementos institucionais.

Formación e sensibilización

- Fortalecemento do Plan de formación en igualdade dirixido a PDI e alumnado, enfocado na prevención da violencia de xénero e na integración da perspectiva de xénero.
- Deseño e implementación de cursos para o alumnado e o persoal traballador sobre prevención da violencia de xénero.
- Introducción dun módulo específico sobre prevención da violencia de xénero no Mestrado de Profesorado da ESO, Bacharelato, FP e ensino de idiomas.

Docencia e investigación

- Incorporación da perspectiva de xénero nas distintas materias mediante cursos formativos para o PDI e recoñecementos académicos.
- Oferta de actividades transversais nos estudos de doutoramento para integrar a perspectiva de xénero na investigación.

Partidas do orzamento:

Concepto	Partida	Importe
Accións en linguaxe inclusiva e paridade	1806321A226.09	16.000,00 €
Actividades do CEXEF a través dun convenio co Concello da Coruña	1806321A640.00	25.000,00 €
Proxecto de liderado feminino, actividades de formación en masculinidades e puntos violeta	1806321A640.00	35.000,00 €
Formación financiada cos fondos do pacto de estado	1806321A640.00	50.000,00 €

5.5 RS_OE5: INCENTIVAR E FOMENTAR UNHA CULTURA DE NON DISCRIMINACIÓN.

Este obxectivo fomenta unha universidade inclusiva que promove o respecto pola diversidade, fortalece a sensibilización en cuestións sociais e crea un ambiente respectuoso e equitativo para toda a comunidade.

RS_OP12: Desenvolver programas que conciencien e faciliten a inclusión social dentro da diversidade como signo característico da UDC

- Formación e sensibilización
 - Mellora do programa formativo sobre diversidade e dereitos humanos na Aula de Formación en Diversidade da UDC.
 - Oferta de contidos formativos sobre accesibilidade, Deseño Universal e Aprendizaxe Accesible (DUA-A).
 - Xeración de contidos multimedia sobre diversidade para sensibilizar á comunidade universitaria.
- Promoción dunha cultura de respecto
 - Accións dirixidas a xerar unha cultura de respecto ante as diferentes diversidades sociais.
- Apoio económico e inclusión
 - Convocatorias de axudas económicas para fomentar a igualdade de oportunidades.
 - Impulso á convocatoria UDC Abriga para estudantes en situación de protección internacional.

Partidas do orzamento:

Concepto	Partida	importe
Gastos de funcionamento da ADI	1805121A226.00	20.200,00 €
Servizos ao alumnado con diversidade funcional	1850321A227.12	60.000,00 €
ADI Bolsas académicas	1805422D480.00	18.920,00 €

RS_OP13: Avanzar en medidas que impulsen a cultura do respecto e do compromiso compartido.

Desenvolvemento de accións para xerar unha cultura de respecto ante as diferentes diversidades sociais. Orzamento: 2.590,00 €.



O MARKETING E A COMUNICACIÓN NO PLAN ESTRATÉXICO

A comunicación nunha universidade pública é clave para a súa transparencia, inclusión, reputación e relación coa sociedade. Permite informar á cidadanía sobre a xestión de recursos, garantir a participación da comunidade universitaria, atraer talento e divulgar o impacto social das investigacións. En definitiva, é unha ferramenta estratéxica que reforza a misión académica, social e cultural da institución, facéndoa máis relevante e competitiva.

Orzamento:

- Servicio de publicación, por importe de 50.400€
- Unidade de comunicación, por importe de 38.500€
- Cursos de verán e xornadas de ciclos de conferencias: 28 000€.
- Premios a colectivos UDC: 2.590 €
- Reparacións de equipos da UMAV: 3.500 €.

6.1 COM_OE1: IMPULSAR E DESENVOLVER UNHA ORGANIZACIÓN E UN FUNCIONAMENTO EFICIENTE E INTEGRAL DA COMUNICACIÓN DA UDC

- Deseño de contidos e de material de comunicación e audiovisual para eventos
- Establecemento do protocolo de coordinación
- Realización de reunións de coordinación, formación en comunicación en redes sociais

6.2 COM_OE2: POTENCIAR A IMAXE DE MARCA DA UDC PARA QUE SEXA ATRACTIVA AOS DIFERENTES PÚBLICOS A QUE SE DIRIXE:

- Fomento de xornadas de portas abertas.
- Creación dun directorio compartido de entidades relacionadas cos diferentes ámbitos ou áreas de traballo (docencia e formación, investigación, actividades culturais, divulgación científica, actividades deportivas, transferencia de I+D+i ao sector empresarial, actividades medioambientais, actividades de cooperación e desenvolvemento, etc.).

6.3 COM_OE3: PROMOVER O SENTIMENTO DE COMUNIDADE E O ORGULLO DE PERTENZA Á UDC

- Impulso da app da UDC.
- Impulso do LinkedIn da UDC.



- Elaboración dun agasallo de benvida.
- Desenvolvemento dunha canle Teams para conectar persoas/servizos da UDC con tarefas comunicativas.

6.4 COM_OE4: MELLORAR A VISIBILIDADE DA UDC E O SEU POSICIONAMENTO NO EXTERIOR

- Segmentación e visualización por categorías das notas de prensa.
- Definir e desenvolver contidos audiovisuais adaptados aos diferentes públicos que se dirixa e impulsar a produción de vídeos corporativos elaborados dende a Unidade de Medios Audiovisuais da UDC.
- Proxección da nosa imaxe en feiras de emprego (propias e externas) ou eventos.
- Creación de contidos visuais específicos para campañas clave.